

Devolución das taxas para a realización do exame teórico de patrón de iate por parte da DX de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar.

Expediente: F.11.Q/448/21

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2021

Estimado Sr.:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do seu escrito referente á non devolución das taxas para a realización do exame teórico de patrón de iate por parte da DX de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar.

ANTECEDENTES

No seu escrito indicábanos:

"El 25 de febrero de 2020 he procedido al abono de 56,44 euros en concepto de "TASA POR LA REALIZACIÓN DEL EXAMEN TEÓRICO PARA LA OBTENCIÓN DEL TÍTULO DE PATRON DE YATE". NRC 7392000437683R393010AA. Código seguro de verificación 1342 C6CF CD51 A7FF.

El 16 de marzo de 2020 la Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar da Xunta de Galicia dictó una resolución por la que se suspendía la celebración de las pruebas por la que se "convocan exames extraordinarios teóricos para a obtención das titulacións que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer na Comunidade Autónoma de Galicia para a convocatoria de marzo".

Que en el apartado tercero de dicha resolución se dispone que" As persoas interesadas que non queiran participar en ningunha das convocatorias restantes poderán solicitar a devolución da correspondente taxa".

Que el 28 de mayo de 2020 solicité la devolución de la referida tasa ya que me resultaba imposible participar en las siguientes convocatorias previstas.

Que han transcurrido casi 9 meses de mi solicitud de devolución y que ha transcurrido de igual modo casi un año desde la suspensión de las pruebas por parte de la Xunta y no he recibido ni si quiera una contestación, ya fuese la misma positiva o negativa a mi solicitud y evidentemente tampoco he recibido devolución del importe abonado en su momento.

Se adjuntan justificante de presentación e instancia de solicitud de devolución de la tasa, así como justificante del abono de la misma

Presenté solicitud de devolución en el Registro General de la Xunta de Galicia con numero de entrada 2020/928786 el día 28-05-2020”.....

Ante iso requirimos, como vostede sabe, información á Consellería do Mar que xa nola remitiu. No informe achegado pola Administración sinálase o seguinte:

“En relación co escrito de queixa que presenta [REDACTED] con DNI [REDACTED], comunicámoslle o seguinte:

O 25 de marzo de 2020 publícase no DOG a resolución do 16 de marzo de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se adía a realización das probas para a obtención dos títulos que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer na Comunidade Autónoma de Galicia para a convocatoria de marzo, como consecuencia da declaración do estado de alarma no noso país.

O punto 2, dí: “Trasladar as solicitudes de participación nas ditas probas á seguinte convocatoria programada ou para algunhas das restantes convocatorias ordinarias ou extraordinarias que se van realizar durante o ano 2020, que se indican na Resolución do 3 de febreiro de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se convocan exames ordinarios teóricos e prácticos para a obtención das titulacións que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer e motos náuticas na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 30, do 13.02.2020) ou na Resolución do 3 de febreiro do 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se convocan exames extraordinarios teóricos para a obtención das titulacións que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 29, do 12.02.2020).

As persoas interesadas terán que indicarlle aos centros de ensino náutico-pesqueiro onde se realicen as probas a convocatoria na que queiran participar”.

No punto 3, indícase que: “As persoas interesadas que non queiran participar en ningunha das convocatorias restantes poderán solicitar a devolución da correspondente taxa”.

O interesado presenta dous escritos: un o día 28 de maio de 2020, no que solicita a devolución da taxa por un importe de 56,44€, e indica que lle resulta imposible acudir a próxima convocatoria de exame prevista para o día 8 de xullo; e un segundo escrito o 24 de novembro

de 2020, no que reitera a solicitude de devolución da taxa e comunica que lle resulta tamén imposible presentarse a convocatoria prevista para o 2 de decembro de 2020.

O día 22/02/2021 a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro emite unha resolución na que se lle autoriza a devolución das taxas ingresadas (56,44€), xa que o interesado non puido presentarse ás probas para a obtención dos títulos que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer na Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2020.

O día 24/02/2021 enviásele o interesado unha notificación electrónica, na que se lle achega copia da resolución onde se lle autoriza a devolución da taxa.

O mesmo día, achégaselle a Atriga (Axencia Tributaria de Galicia) copia do expediente do interesado, para que proceda a devolución da taxa polo importe de 56,44€, e o número de conta que indicou o interesado na solicitude de devolución de taxas.”

ANÁLISE

Á vista do contido do seu escrito de queixa e da documentación achegada por vostede e do que se manifesta no informe da Administración, cómpre facer sinalar que unha vez iniciada a súa queixa, por aquela iniciáronse os expedientes e tomáronse as resolucións precisas os efectos de proceder o reintegro do importe das taxas pagadas por vostede para poder concorrer as probas para a obtención de titulacións náutico e pesqueiras que habilitan para o manexo de embarcacións de lecer do exercicio 2020 e as que non puido acudir.

CONCLUSIÓN

Tras a investigación realizada, na que se avaliou o contido da súa queixa e o exposto no informe do citado órgano, dedúcese que pola administración interesada no asunto foron realizados os trámites e adoptáronse as resolucións necesarias para que se solucione o obxecto da súa queixa, isto é que se lle reintegre a taxa que vostede aboou para participar nunha convocatoria para a obtención de titulación habilitante náutico pesqueira á que non puido acudir, atopando nestes momentos o expediente en fase de abono do importe da taxa.

Por todo o sinalado ata agora, e de acordo co que nos comunican que o seu expediente atopase na ATRIGA para o seu reintegro, en principio non parece preciso continuar a investigación iniciada como consecuencia do seu escrito de queixa, e conclúese este expediente sen prexuízo de reabrilo a súa instancia pola aportación de novos datos ou circunstancias.



Ademais, comunicámoslle que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega. Neste sentido, no informe anual ao Parlamento de Galicia darase conta das queixas que foron solucionadas ou resoltas positivamente no curso das actuacións desta institución.

Agradézolle a súa confianza nesta institución e saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo